



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ (AGAT), PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DUN SERVIZO SOCIAL COMUNITARIO ESPECÍFICO DE ATENCIÓN TEMPERÁ A NENOS E NENAS DE 0 A 6 ANOS CON TRASTORNOS DO DESENVOLVEMENTO OU EN RISCO DE PADECELOS E ÁS SÚAS FAMILIAS PARA O EXERCICIO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2021. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase AGAT dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento, por parte da Consellería de Política Social, dun programa de intervención en atención temperá destinado a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 36 a) e 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, a entidade AGAT aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.





Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social, sendo AGAT a única entidade especializada dentro da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da atención temperá, dispoñendo de experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver este programa .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

